

2024/2025



**PAZO DA
CULTURA**
Concello de Narón

MUSICAIS
BALLET
TEATRO
ÓPERA
MÚSICA

PROGRAMACIÓN

DECEMBRO / XANEIRO / FEBREIRO / MARZO

PROGRAMACIÓN **DECEMBRO 2024/MARZO 2025**

DECEMBRO

Domingo 1 18:00 horas Pazo da Cultura	Teatro para a 1ª infancia (a partir de 6 meses) TELONCILLO LA SELVA
Sábado 14 20:00 horas Pazo da Cultura	Teatro contemporáneo PENTACIÓ CAMINO AL ZOO
Xoves 19 20:30 horas Pazo da Cultura	Ballet clásico BALLET DE KIEV EL CASCANUECES
Sábado 21 20:00 horas Pazo da Cultura	Música Gospel THE MISSISSIPPI MASS CHOIR THE GOSPEL LEGEND TOUR
Sábado 28 20:00 horas Pazo da Cultura	Música folk XABIER DÍAZ AXÚDAME A SENTIR

XANEIRO

Venres 10 20:30 horas	Comedia UNAHORAMENOS PRODUCCIONES LAS BODAS DEL FÍGARO
Sábado 11 20:00 horas Pazo da Cultura	
Domingo 12 18:00 horas Pazo da Cultura	Teatro infantil LA PERA LIMONERA UN TRAJE NUEVO PARA EL EMPERADOR
Venres 17 20:30 horas	Comedia AINÉ PRODUCCIÓN, S.L. SOMOS CRIMINAIS E PUNTO FINAL
Sábado 18 18:00 / 20:30 Pazo da Cultura	
Sábado 25 20:00 horas Pazo da Cultura	Música Folk-tradicional OS DO FONDO DA BARRA BANZO
Domingo 26 19:00 horas Pazo da Cultura	Comedia EL TERRAT LAS ASAMBLEÍSTAS (LAS QUE TROPIEZAN)
Venres 31 20:30 horas Pazo da Cultura	Teatro musical GRUPO CHÉVERE AS FILLAS BRAVAS DE MOMÁN

Esta programación poderá sufrir cambios

Todas as representacións terán lugar no Pazo da Cultura agás onde se especifique o contrario

Despacho de billetes:

De luns a sábados

9:30 a 14:00 horas

17:00 a 20:30 horas

Teléf. 981 102 897

(Despacho de billetes)

taquilla.pazo@naron.gal

FEBREIRO

Domingo 2 18:00 horas Pazo da Cultura	Monicreques GALITON ROSALÍA A PULGA QUE ESCRIBÍA
Sábado 8 20:00 horas Pazo da Cultura	Teatro musical DESIRÉ PILLADO E BEA GARCÍA MANGORETÉ
Sábado 15 20:00 horas Pazo da Cultura	Drama TEATRO DO NOROESTE GUERRA
Sábado 22 20:00 horas Pazo da Cultura	Ópera ALMAMAHLER RIGOLETTO

MARZO

Venres 7 20:30 horas Pazo da Cultura	Monólogo PENTACIÓN Festival Singular UNA MADRE DE PELÍCULA
Sábado 8 20:00 horas Pazo da Cultura	Teatro contemporáneo DIEGO ANIDO Festival Singular O DEUS DO POP
Domingo 9 18:00 horas Pazo da Cultura	Contacontos MANUELA VARELA Festival Singular AS VERBAS DE LUISA
Venres 14 20:30 horas Pazo da Cultura	Comedia dramática AIRE FRÍO (CUBA) Festival Singular LA 4ta LUCÍA
Sábado 15 20:00 horas Pazo da Cultura	Comedia musical ALBERTO SAN JUAN Festival Singular MACHO GRITA
Domingo 16 18:00 horas Pazo da Cultura	Teatro xestual ELEFANTE ELEGANTE Festival Singular KYOKI
Venres 21 20:30 horas Pazo da Cultura	Teatro documento CHÉVERE Festival Singular PEQUENAS MENTIRAS PARA CONTAR GRANDES VERDADES
Sábado 22 20:00 horas Pazo da Cultura	Monólogo cómico TEATRO DEL BARRIO Festival Singular HOY TENGO ALGO QUE HACER
Domingo 23 18:00 horas Pazo da Cultura	Contacontos CRIS DE CALDAS Festival Singular CONTOS PARA ENTENDER(NOS) MELLOR
Venres 28 20:30 horas Pazo da Cultura	Traxicomedia REY MARCIALI PRODUCCIONES (ARXENTINA) LA CELESTINA Festival Singular
Sábado 29 20:00 horas Pazo da Cultura	Narración oral ATENEA GARCÍA Festival Singular VICIO HOUBO SEMPRE
Domingo 30 18:00 horas Pazo da Cultura	Monicreques A XANELA DO MAXÍN Festival Singular LÚA QUERE VIAXAR A...MARTE!!

Domingo 1 de decembro

18:00 | Pazo da Cultura

TEATRO 1ª INFANCIA (A PARTIR DE 6 MESES)



Todos os públicos | 35 minutos | castelán

TELONCILLO

LA SELVA

Como no chapeu do Princiño levantemos a súa á e descubramos xuntos, todos os animais que podamos imaxinar. Viaxemos xuntos a África, Asia ou América, buscando unha cebrá que sexa negra coas raias brancas ou branca coas raias negras, ou a unha xirafa esvelta e fermosa que de pequena era curiosa, ou a un crocodilo que na auga é perigoso e na terra é moi tranquilo.

Na nosa selva admitimos a unha xoaniña e a un rato? Por que non?

Viaxaremos a todos estes sitios?

E os animais... sairán dunha chisteira ou quizá dun caixón?

Dramaturxia e dirección: Ángel Sánchez - Ana Isabel Gallego

Axudante de dirección: Marieta Monedero

Poemas: Gloria Fuertes - Carlos Reviejo - Marisa Alonso Santamaría

Dirección coreográfica: Lola Eiffel

Música orixinal: Ángel Sánchez

Actriz e cantante: Ana Isabel Gallego

Deseño espacio escénico e utilería: Juan Carlos Pastor

Construción escenografía, utilería e vestiario: Eva Brizuela - Israel Robledo

Deseño de luces: César Rodríguez

Deseño gráfico e ilustracións: IAGCreativo

Apoio pedagóxico: Irene Gallego

Asesor de maxia: Gonzalo Granados

PREZOS: Público xeral: 9,50 €

Abonados - Desempregados - Carné Xove ou Estudante (ata 25 anos): 6,65 €

Menores de 14 anos: 5,50€

Sábado 14 de decembro

20:00 | Pazo da Cultura

TEATRO CONTEMPORÁNEO



Adulto | 90 minutos | castelán

PENTACIÓN

CAMINO AL ZOO

A pesar de ser parella, a vida cotiá de Peter e Ann está marcada pola incomunicación e a soidade. Desatendendo o intento de Ann por afrontar a situación, Peter decide pasar o día no zoológico de Central Park. Alí coñecerá a Jerry, un excéntrico personaxe que lle obriga a escoitar as súas historias ata a última e máis horrible de todas: o motivo real da súa visita ao zoo.

Orixinalmente titulada Peter & Jerry, At Home at the Zoo (Camiño ao zoo) combina a clásica obra curta de Albee The Zoo Narrativa (1959) coa súa precuela, Homelife (2004).

Xuntas, estas obras curtas forman unha historia completa de Peter, un executivo editorial; de Ana, a súa esposa; e de Jerry, un estraño que Peter coñece no parque. A obra comeza con Homelife e ofrece unha mirada reveladora ao inestable matrimonio de Peter e Ann, os seus brutais intentos de comunicarse e a soidade dentro da súa vida compartida. A tensión aumenta no seguinte acto, The Zoo Narrativa. Mentres lé nun banco de Central Park, un estraño achégase a Peter e declara que estivo "no zoológico". O home, Jerry, comeza a contar unha historia tras outra, profundando na vida de Peter e tentando usurpar, sen dúbida, o seu propio lugar nese banco, nese parque.

Autor: Edward Albee / **Dirección:** Juan Carlos Rubio

Adaptación: Juan Carlos Rubio - Bernabé Rico

Escenografía:

Leticia Gañán - Curt Allen Wilmer (estudio deDos)

Deseño son: TalyCual / **Deseño iluminación:** Nicolás Fischtel

Vestuario: Pier Paolo Álvaro / **Música:** Mariano Marín

Elenco artístico:

Fernando Tejero - Dani Muriel - Mabel del Pozo

PREZOS: Público xeral: 16,00 €

Abonados - Desempregados - Carné Xove ou Estudante (ata 25 anos): 11,20 €

Xoves 19 de decembro

20:30 | Pazo da Cultura

BALLET CLÁSICO



Todos os públicos | 120 minutos

BALLET DE KIEV

EL CASCANUECES

A xira do Ballet de Kiev de 2022 por España quedou marcada na memoria de todos nós coa tinta vermella que, con trazo grosso, describe a traxedia que se vive desde entón. En 2023 o Ballet de Kiev percorreu novamente cun éxito irresistible os principais teatros e auditorios de España. En 2024 volveu percorrer os escenarios máis prestixiosos de España. As bailarinas e bailaríns do Ballet de Kiev, regálanos de novo a tradición de gozar da súa versión *El Cascanueces* nas datas próximas ao Nadal. Nunha versión colorida e moi emotiva que nos transporta aos sentimentos da maxia e o espírito do Nadal.

Corría o ano 2017 cando o famoso bailarín solista do Teatro da Ópera de Kiev, Viktor Ishchuk, consegue realizar un soño longamente cultivado, a creación dunha compañía estable e nova, que reunise ás estrelas máis prominentes de toda Ucraína e puidesen presentar ao mundo o talento, a mestría e a profesionalidade dos artistas daquel país. Entre os seus membros, o Ballet de Kiev, conta con varios dos solistas do Teatro de Ópera e Ballet de Kiev.

As súas primeiras representacións conseguen o apoio dos principais nomes da escena ucraína e inmediatamente son convidados polos teatros máis importantes mundiais, realizando desde entón máis de 500 actuacións. As numerosas xiras realizadas leváronlles a percorrer os mellores escenarios de Suíza, Alemaña, Francia, España, Polonia, Croacia, China, Ucraína, México e un longo etc.

O Ballet de Kiev mantén entre os seus obxectivos principais o coidado das tradicións e esencia do ballet clásico máis puro, sendo cada representación unha festa para os sentidos pola sobriedade das coreografías, a perfección de todas e cada unha das súas liñas, o virtuosismo dos seus solistas e a vistosidade e grandeza dos seus decorados e vestuario, todos eles deseñados en exclusiva polos mellores mestres dos talleres de Kiev.

O Ballet de Kiev ten a súa sede no Centro Internacional de Cultura e Artes de Kiev, Ucraína.

PREZOS: Venta anticipada: 34,00 €
O día da actuación: 37,00 €

Sábado 21 de decembro

20:00 | Pazo da Cultura

MÚSICA GOSPEL



Todos os públicos | 90 minutos | inglés

THE MISSISSIPPI MASS CHOIR

THE GOSPEL LEGEND TOUR

The Mississippi Mass Choir, a referencia fundamental do Gospel Tradicional americano, presentará a súa xira "The Gospel Legend Tour" no Nadal de 2024

A coral foi distinguida en numerosas ocasións cos premios máis importantes (Grammy, Stellar, Dove, Soul Train) e, despois de incontables xiras por América, Europa e Asia, fixo do mundo o seu escenario.

Foi a primeira coral de góspel que actuou na Acrópolis de Atenas en 1995, cantou no Vaticano en 1997 e no Nadal de 2010 deu un recital góspel coa Orquestra Sinfónica de Tenerife para unha audiencia de 20.000 persoas.

The Mississippi Mass Choir foi fundado en 1988 por Frank Williams, membro dos lexendarios Jackson Southernaires e director executivo da división góspel de Malaco Records.

Grabaron o seu primeiro disco o 28 de outubro dese mesmo ano no Jackson Municipal Auditorium. Na primavera de 1989, con só cinco semanas no mercado, o disco situouse no Número 1 da lista de música Gospel de Billboard.

PREZOS: Público xeral: 12,00 €

Abonados - Desempregados - Carné Xove ou Estudante (ata 25 anos): 8,40 €

Sábado 28 de decembro

20:00 | Pazo da Cultura

MÚSICA FOLK



AXÚDAME A SENTIR

Todos os públicos | 65 minutos | galego

XABIER DÍAZ

AXÚDAME A SENTIR

Axúdame a sentir dicíame Obdulia con frecuencia, a miña avoa materna. Foi unha de tantas catedráticas sen título nesa célebre universidade da vida. Nada hai máis necesario que sentir e tampouco hai momento máis acaído para perseguir ese verbo que os tempos nos que vivimos: as humanidades esvaécense ao tempo que medra o binomio virtual-máquina.

As artes, en xeral, atenderon historicamente a nosa necesidade de sentir. Ese lugar sen algoritmos é unha casa que debemos visitar tantas veces como nos sexa posible. Celebrar a non virtualidade, abrazarnos, escoitar, beber, bailar, sentir, escribir, debuxar, cantar, soñar...

A nosa casa é un torreiro e tamén a platea dun teatro ou as mesas dunha baiuca. O que acontece nun concerto é algo único e irrepitible: extínguese ao pechar o pano, mais á súa vez, é unha chama que prende e segue quentando o noso peito durante moito tempo. Ás veces acompañanos toda unha vida.

PREZOS: Público xeral: 12,00 €

Abonados - Desempregados - Carné Xove ou Estudante (ata 25 anos): 8,40 €

Venres 10 e Sábado 11 de xaneiro

Venres 20:30 / Sábado 20:00 | Pazo da Cultura

COMEDIA



Adulto | 85 minutos | castelán

UNAHORAMENOS PRODUCCIONES

LAS BODAS DEL FIGARO

Corre o ano 1962 en Las Palmas de Gran Canaria. O novo Capitán Xeral Don Pedro e a súa esposa María Luisa Fernández do Campo, a nova responsable da Sección Feminina, chegan a unha Canarias que deben manter baixo control ante o fervente cristianismo e as normas da ditadura.

Mentres tanto, no recoñecido cabaré Fígaro están a piques de estreir o seu próximo espectáculo: A Voda; unha sátira mordaz contra o réxime franquista interpretada pola exitosa compañía Os Cancán.

A envexa de competencias mediocres fan chegar a oídos de Don Pedro que o cabaré é un niño de vermellos (nada que fose mentira), acusacións que empuxan ao Xeneral para acudir a un disparatado ensaio dos Cancán.

É aquí onde decide que por encima de calquera cousa quere ter unha aventura coa vedette Susana Maninidra, complicando este vodevil con novas maquinacións e enganós. É así como curas, empresarios, militares, transformistas e cantantes revolucionarios mesturaranse entre plumas e abelorios nas vodas do Fígaro.

Elenco: José Luis Massó - Marta Viera - Mingo Ruano - Rubén Darío - Ruth Sánchez / **Dirección:** Mario Vega

Escenografía: Mario Vega

Texto: Mario Vega - Ruth Sánchez

Dirección de produción:

Valentín Rodríguez - Mónica Hernández

Composición musical e espazo sonoro: Héctor Muñoz

Deseño de iluminación: Ibán Negrín

Asesoría de escenografía e enxeñería: Eduardo Rodríguez

Deseño vestuario: Mónica Florensa / **Costura:** Dácil González

Axudante de dirección: Beatriz Rodríguez

Auxiliar de produción: Álvaro Cruz

Producción executiva: Alba Socorro

Orquestra: Budapest Scream Orchestra

Director de orquestra: Péter Illényi

Enxeñeiro de grabación: Dénes Rédly

Técnicos de escena: Erick González - Andrea Rosales

PREZOS: Público xeral: 12,00 €

Abonados - Desempregados - Carné Xove ou Estudante (ata 25 anos): 8,40 €

Domingo 12 de xaneiro

18:00 | Pazo da Cultura

TEATRO INFANTIL



Familiar a partir de 5 anos | 60 minutos | castelán

LA PERA LIMONERA

UN TRAJE NUEVO PARA EL EMPERADOR

A súa Maxestade o Emperador, a pesar de ter o armario cheo a rebordar, nunca está contento cos traxes que leva. Para satisfacelo, o seu conselleiro fai un chamamento a todos os xastres e modistas do Imperio para presentar os seus deseños a cambio dunha gran recompensa.

Este traxe terá que ser diferente, único, fantástico, e maravilloso. A noticia chega a dous talentosos xastres estranxeiros capaces de confeccionar traxes con propiedades tan extraordinarias que nunca ninguén chegou a imaxinar.

Premio FETEN 2023 Mellor Dramaturxia

Intérpretes: Sergi Casanovas - Pere Romagosa

Dirección: Pep Vila - Toni Albà

Texto e dramaturxia: Col·lectiva

Escenografía: Alfred Casas - Pere Casanovas

Deseño e confección de vestiario:

Isabel Franco - Olivia Garzón

Música: Tonio Santoyo

Iluminación: Jordi Llongueras

Técnico luces e son: Roger Ferraz - Àlex Vila

Fotografía e ilustración: Andreu Trias - Clara Corax

Deseño: Helena Escudero

Produción executiva: Elisabet Romagosa

Produción: La Pera Llimonera

PREZOS: Público xeral: 9,50 €

Abonados - Desempregados - Carné Xove ou Estudante (ata 25 anos): 6,65 €

Menores de 14 anos: 5,50€

Venres 17 e Sábado 18 de xaneiro

Venres 20:30 / Sábado 18:00 / 20:00 | Pazo da Cultura

COMEDIA



Adulto | 90 minutos | galego

AINÉ PRODUCCIÓNS, S.L.

SOMOS CRIMINAIS E PUNTO FINAL

Falta pouco máis dunha hora para a fin do mundo. En Galicia, unha nave, a Arteixo II, está a piques de despegar cuns poucos elixidos a bordo, en dirección a un planeta onde empezarán unha nova vida. Os capitáns da nave, Carlos Blanco e Touriñán, son os encargados de que a evacuación se leve a cabo con éxito e de meter nesta Arca de Noé galega o noso patrimonio humano, material e inmaterial máis prezado, para que a nova terra á que emigraremos siga sendo criminal.

Carlos Blanco e Xosé A. Touriñán poñen o punto e final a un dos proxectos máis exitosos do teatro galego nas últimas décadas.

Elenco:

Carlos Blanco - Xosé A. Touriñán

PREZOS: Patio de butacas: 18,00 €

Anfiteatros: 15,00 €

ESPECTÁCULO FÓRA DE ABONO

Sábado 25 de xaneiro

20:00 | Pazo da Cultura

MÚSICA FOLK TRADICIONAL



Todos os públicos | 75 minutos | galego

OS DO FONDO DA BARRA

BANZO

"Os do Fondo da Barra" xurde como unha xoia musical no rico panorama da música galega, sendo xestado no seo da Asociación Cultural Xacarandaina, cuxo legado de 45 anos activos a consagra como un pilar fundamental na preservación do Patrimonio Cultural de Galicia. Este conxunto, conformado por 12 apaixonados artistas masculinos, mergúllase na rica tradición musical da rexión, interpretando cancións que foron meticulosamente recollidas de diversos recunchos de Galicia. O seu propósito é destacar e representar as xoias masculinas da arte inmaterial galega, sempre procurando a maior pureza e semellanza coa realidade e pretendendo ser unha ferramenta de transmisión da arte popular de Galicia.

Ben en solitario, ou acompañando ao grupo de baile, teñen percorrido gran parte da península e participaron en festivais no estranxeiro, acadando numerosos premios e recoñecementos por todo o mundo.

Banzo é o seu primeiro traballo discográfico.

PREZOS: Público xeral: 9,50 €

Abonados - Desempregados - Carné Xove ou Estudante (ata 25 anos): 6,65 €

Domingo 26 de xaneiro

19:00 | Pazo da Cultura

COMEDIA



Adulto | 90 minutos | castelán

EL TERRAT

LAS ASAMBLEÍSTAS (Las que tropiezan)

As nosas protagonistas levan anos e anos, séculos, tropezando unha e outra vez coas mesmas pedras, os mesmos erros. Uns erros causados na súa gran maioría polas leis creadas polos homes. A deusa Némesis, farta de contemplar esta inxustiza, decide enfeitizar ás mulleres para que se unan e tomen conciencia. Lideradas por Praxágora, xuntas deberán roubar a roupa dos homes e coarse na asemblea para conseguir así cambiar as leis establecidas por outras máis xustas e igualitarias.

Pero só terán o tempo dunha noite para atravesar o gran bosque que leva ata o outeiro onde se celebra a asemblea ao despuntar o día. E a escuridade do camiño está chea de perigos e espellos nos que verán reflectidas as súas propias vidas. Enfrontándose a elas e aos seus medos, deberán resolver que leis son as que realmente farán que todo cambie por fin, dunha vez por todas e para sempre.

Estas asembleístas farannos reflexionar a golpe de risa sobre o noso papel na sociedade, obrigándonos a implicarnos e tomar partido queiramos ou non.

Reparto:

Praxágora: Silvia Abril - **Geométrica:** Gabriela Flores

Serviciala: Rocío Marín - **Lanzada:** Maite Sandoval

Diosa: Maribel Salas - **Lacia:** Pepa Zaragoza

Dramaturxia e dirección: José Troncoso / **Axte. de dirección:** Jesús Lavi / **Deseño escenografía:** Alessio Meloni / **Deseño vestuario:** Pier Paolo Alvaro / **Deseño Iluminación:** Juan Gómez Cornejo

Música: Mariano Marín / **Coreografía:** Nuria Legarda / **Deseño de maquillaxe e perruquería:** Chema Noci / **Produción executiva:** Mercè Puy Campàs / **Produción:** Rosa Domingo / **Coord. técnica:** Eudald Gili del Pozo / **Rexiduría:** Ana Milena Guarnizo / **Maquinaria:** Alfredo Guijarro "Taxa" / **Axudante vestuario:** Roger Portal

Axudante escenografía: Juanjo González / **Axudante iluminación:** David Hortelano / **Operadora de iluminación:** Pilar Valdelvira

PREZOS: Público xeral: 22,00 €

Abonados - Desempregados - Carné Xove ou Estudante (ata 25 anos): 15,40 €

Venres 31 de xaneiro

20:30 | Pazo da Cultura

TEATRO MUSICAL



Adulto | 55 minutos | galego

GRUPO CHÉVERE

AS FILLAS BRAVAS DE MOMÁN

As fillas bravas son tres mulleres que tocan e cantan o que lles peta como antes fixeron a súa nai e a nai da súa nai, porque todas son fillas do vento, mulleres de andar a pé do toxo, orgullosas de vir de tras da silveira, cantoras dunha estirpe de voces furtivas que berran entre raposos.

Con esta peza Chévere segue a explorar as posibilidades dun teatro con perspectiva de xénero para sensibilizar á sociedade fronte á violencia machista e as desigualdades entre homes e mulleres. Dáselle continuidade así a traballos anteriores que cuestionaron a rixidez dos xéneros (Testosterona), reivindicaron as voces silenciadas dunha forza de traballo feminina que segue levantando imperios económicos na era da globalización (Citizen), ou promoveron unha lectura crítica dos valores machistas que transmiten as cancións románticas (I'll be watching you). Nesa liña de traballo, As Fillas Bravas veñen para reafirmar modelos empoderados de muller, vencellados a expresións culturais tradicionais que agochan berros emancipatorios e cantos de rebeldía insospeitados.

As Fillas Bravas é tamén un traballo de investigación sobre a sexualidade, as relacións de xénero e os roles da muller na sociedade tradicional que aparecen reflectidos nas coplas do cancionero popular galego, para o que se fixo un traballo de procura, escolma e adaptación de textos de transmisión oral publicados desde a segunda metade do século XIX.

As funcións fanse en lingua oral galega e lingua de signos (LSE) simultaneamente, con participación en escena de dúas intérpretes de lingua de signos.

As músicas usadas no espectáculo están inspiradas en cantos tradicionais recollidos en diferentes lugares de Galicia. Entre eles, "Pandeiretada" gravada no primeiro disco de Radio Cos e "Danza de Cerdeira", gravada no primeiro disco de Leilía.

Dirección: Xron / **Adaptación:** Manuel Cortés

Escenografía: Chévere

Deseño son: Xacobe Martínez Antelo

Deseño iluminación: Chévere / **Vestuario:** Fany Bello

Música: Popular / **Coreografía:** Chévere

Elenco artístico: Patricia de Lorenzo - Mónica García - Arantza Villar - Chusa Pérez de Vallejo - Gema Santos

PREZOS: Público xeral: 9,50 €

Abonados - Desempregados - Carné Xove ou Estudante (ata 25 anos): 6,65 €

Domingo 2 de febreiro

18:00 | Pazo da Cultura

MONICREQUES



Familiar (a partir de 2 anos) | 45 minutos | galego

GALITOOON

ROSALÍA, A PULGA QUE ESCRIBÍA

Galitooon continúa así coa súa constante experimentación: nesta nova peza cambia de estilo no deseño de arte e cambia a técnica de manipulación "co teatro de xoguetes", sen esquecer o seu selo propio.

Rosalía conta un conto sinxelo pero tremendamente sedutor para os/as nenos/as:

"Había unha vez, unha pulga moi, moi pequena: Rosalía.

Rosalía escribe unha carta cada día. Métea nun sobre, ponlle un selo e mándaa por correo. Bruno, o Canguro, un carteiro moi especial, encárgase en persoa de levarlla ao seu destinatario.... e lerlla: á señora Toupa porque non ve, a dona Xirafa porque perdeu as gafas, á ovella porque non sabe ler e a Mr. Elefante porque só sabe ler en inglés.

O contido da carta é unha invitación: "o martes 3 ás 10, unha festa na casa de Rosalía."

Todos reciben unha carta. Todos, menos Bruno, o Canguro! Por qué?"

Autora: Andrea Bayer

Dirección: Chisco Casteleiro

Escenografía: Galitooon

Deseño son: Javier Vega

Deseño iluminación: Javier Vega

Vestiario: Lola Gómez

Música: Diego Paz e Elena Paz

Coreografía: Ana Conca

Elenco:

Marino Muñoz - Chisco Casteleiro

PREZOS: Público xeral: 9,50 €

Abonados - Desempregados - Carné Xove ou Estudante (ata 25 anos): 6,65 €

Menores de 14 anos: 5,50€

Sábado 8 de febreiro

20:00 | Pazo da Cultura

TEATRO MUSICAL



Adulto | 70 minutos | galego

DESIRÉ PILLADO E BEA GARCÍA **MANGORETÉ**

Escrita e interpretada por Desiré Pillado e Bea García, Mangoreté é unha sátira sobre a sociedade actual, conducida por dúas azafatas chegadas dun misterioso lugar chamado Mangoreté, que convidarán o público a viaxar con elas e "cambiar" para sempre as súas tristes e normais vidas. Un musical no que se abordan con acidez temas tan actuais como as adiccións, a emigración, o machismo ou os canons de beleza.

Neste musical convidase ao público a viaxar con elas e mudar para sempre as súas tristes e monocordes vidas... a cambio dun "chisquiño" da súa liberdade. Elas serán o fio conductor dun hilarante musical cheo de humor ácido no que se abordan temas tan actuais que abranguen dende as adiccións, a emigración, a política ata o machismo, a través da danza, a música, a interpretación e a improvisación.

Un show con múltiples elementos de atrezzo que interactuarán co público, pezas audiovisuais de propaganda deste magnífico pero autoritario planeta de destino (que se proxeccionarán durante a función), ou interaccións directas das nosas azafafas cos propios "pasaxeiros".

Un dos puntos fortes a nivel estético e musical é a ambientación baseada nos canons da sociedade e na propaganda de mediados de século XX. A posta en escena da Big Band do Obradoiro de Música Moderna Carlos Barruso, dirixido por Rubén Servide, e que, ademais de executar todo o soporte musical do espectáculo, participa activamente en grande parte dos propios sketches (con aportes corais, improvisacións e detalles), formando unha máquina ben engraxada coa fin de amosar ao público un musical ben cohesionado.

Todo este paquete vai ben envolto por un atractivo e nostáxico sabor a mediados de século XX que deixará a todos os "pasaxeiros" ben pegados ás súas butacas. Abríde ben os ollos, atendede ben ás instrucións e apertade ben os cintos... benvidas a este voo destino Mangoreté.

Dirección: Desiré Pillado - Bea García / **Adaptación:** Desiré Pillado - Bea García / **Escenografía:** Desiré Pillado - Bea García / **Deseño son:** Valentín Torrado

Deseño iluminación: Valentín Torrado - Lucas Terceiro

Vestuario: Desiré Pillado - Bea García

Música: Rubén Servide

Coreografía: Desiré Pillado - Bea García

Elenco artístico: Desiré Pillado - Bea García

PREZOS: Público xeral: 12,00 €

Abonados - Desempregados - Carné Xove ou Estudiante (ata 25 anos): 8,40 €

Sábado 15 de febreiro

20:00 | Pazo da Cultura

DRAMA



Adulto | 100 minutos | galego

TEATRO DO NOROESTE

GUERRA

A GUERRA É A EXPRESIÓN CRUEL DO FRACASO TOTAL, POR ISO NUNCA É UNHA SOLUCIÓN, SENÓN O MÁIS GRANDE DOS ERROS.

Nun edificio teatral totalmente destruído por un bombardeo nunha guerra desatada no mesmo corazón de Europa, comezan a aparecer os personaxes do Teatro Universal que nel foran representados ao longo do tempo e encarnados en dous actores e catro actrices.

As innumerables referencias ás guerras no Teatro Europeo, desde Shakespeare até Lorca enchen a escena de evocadoras secuencias de caos e destrución.

Autor: Eduardo Alonso

Dirección: Eduardo Alonso

Escenografía: Carlos Alonso

Deseño iluminación: Eduardo Alonso

Vestuario: Carlos Alonso

Música: Bernardo Martínez

Elenco artístico:

Miguel Pernas - Luma Gómez - Manuela Varela - Maxo Barjas - Sabela Hermida - Xavier Estévez

PREZOS: Público xeral: 9,50 €

Abonados - Desempregados - Carné Xove ou Estudante (ata 25 anos): 6,65 €

Sábado 22 de febreiro

20:00 | Pazo da Cultura

ÓPERA



Todos os públicos | 160 min. | italiano (subtítulos en castelán)

ALMAMAHLER

RIGOLETTO

Ópera en tres actos con música de Giuseppe Verdi e libreto en italiano de Francesco Maria Piave, baseada na obra de Victor Hugo, *Le Roi s'amuse*.

A súa estrea foi o 11 de marzo de 1851 no Teatro La Fenice de Venecia, cun éxito impresionante. Esta obra foi encargada para celebrar o entroido dese ano e, dende entón, é unha das 10 óperas que máis se representa no mundo.

A obra divídese en tres actos e está protagonizada por Rigoletto, o bufón amolado da corte do ducado italiano de Mantua e a súa filla Gilda, á que esconde na súa casa, salvo para ir á igrexa para rezar.

Nunha desas visitas ao templo santo, Gilda atópase co duque de Mantua, coñecido na corte por practicar unha vida de pracer con tantas mulleres como lle sexa posible.

O engano, a picardía fronte á inocencia, o amor, a paixón, e o odio e a vinganza son os temas principais deste melodrama con final trágico.

Música: O segredo desta obra está na súa gran inspiración melódica e na definición psicolóxica dos seus personaxes. Verdi meditou profundamente o tipo de voz de cada personaxe, un tenor lixeiro para o frívolo Duque de Mantua. Barítono a Rigoletto porque presenta características moi opostas: cinismo, vinganza, amor á súa filla...

Giuseppe Verdi é un dos pilares fundamentais da Ópera e actualmente o compositor máis representado no mundo, debido á calidade da súa obra e á variedade da mesma.

Considerada polos expertos como unha das primeiras obras mestras de Verdi, *Rigoletto* conta con arias tan famosas como *Bela figlia dell'amore* ou *A donna è mobile*.

PREZOS: Público xeral: 35,00 €

Abonados - Desempregados - Carné Xove ou Estudiante (ata 25 anos): 24,50 €

Venres 7 de marzo

20:30 | Pazo da Cultura

MONÓLOGO



Adulto | 80 minutos | castelán

PENTACIÓN

Festival Singular



UNA MADRE DE PELÍCULA

Eva María, ás tantas da madrugada, recibiu unha imperativa mensaxe de Alejandro, o seu único e adorado fillo: debe entrar na súa habitación e buscar nun caixón pechado cun cadeado un documento que necesita con urxencia para a Universidade americana na que estuda.

Urxente é "xa, agora, sen perder un instante, mamá". Alejandro, que coñece moi ben á súa proxenitora, advirtelle de que non caia na humana (e especialmente maternal) tentación de remexer nas súas cousas aproveitando a estupenda ocasión. Eva María promete ao seu fillo cumprir o seu labor, pero unha vez inmersa no encargo... Quen está libre de pecado? E é que ela, que é moi cinéfila, é consciente de que "A tentación vive arriba" ou ao fondo do caixón secreto do seu fillo.

O recordo da súa vida e a visión dese provocador niño baleiro farán deslizarse a Eva María por unha emocionante e divertida espiral, transformando a súa cotiá realidade nunha auténtica aventura de película.

Reparto: Toni Acosta

Equipo Artístico e Técnico:

Texto e dirección: Juan Carlos Rubio

Deseño escenografía: Leticia Gañán - Curt Allen Wilmer (EstudioDeDos)

Espazo sonoro e música: Mariano Marín

Deseño iluminación: Nicolás Fischtel

Vestuario: La leona alegre

Produtor: Jesús Cimarro

PREZOS: Público xeral: 16,00 €

Abonados - Desempregados - Carné Xove ou Estudante (ata 25 anos): 11,20 €

Sábado 8 de marzo

20:00 | Pazo da Cultura

TEATRO CONTEMPORÁNEO



Adulto | 80 minutos | galego

DIEGO ANIDO

O DEUS DO POP

Festival Singular



O quinto espectáculo en solitario de Diego Anido é, máis que nunca, o resultado dunha metodoloxía de traballo moi persoal e pouco común. Nela convive a variedade escénica: texto, danza, baile, música en directo (con estraños obxectos...) cunha depurada dramaturxia que trata de dar vida a unha biografía dunha pseudo estrela do pop coa propia biografía do autor.

"O deus do pop" é un singular individuo que transita pola escena cun delicado camiñar, unha voz suave e unha enerxía salvaxe para mostrar todo o que o seu talento lle permite ser. "O deus do pop" é unha impresión. Como a que nos levamos cando coñecemos a unha persoa. ¿Que sabemos dela? ¿Que sabemos dela que ela mesma non sabe? Ela ten outra impresión de si mesma. Un relato formado por fragmentos escollidos do seu pasado. Precisa crear o relato. E non dubida en cambiar o pasado para superar no presente a vergoña do que non lle gusta de si mesma. Non ten consciencia de que en realidade é un diamante. Un diamante afundido nos Pantanos da Tristura. Brilando e laiándose. Pensando que a súa propia preguiza lle impide sair. Pero non é preguiza. É o relato. Diego Anido amósanos unha autobiografía inventada. Regálanos unha vida que ás veces semella a súa, pero que non lle avergoña como a súa. Sen medo a queimar a súa memoria. Só para que o adoremos. Coma un "deus do pop".

Autor: Diego Anido / **Dirección:** Diego Anido / **Adaptación:** Diego Anido

Escenografía: Diego Anido / **Deseño son:** Diego Anido - Borja Fernández

Deseño iluminación: Pedro Fresneda

Vestuario: Uxía P. Vaello / **Música:** Diego Anido /

Coreografía: Diego Anido

Elenco artístico: Diego Anido

PREZOS: Público xeral: 12,00 €

Abonados - Desempregados - Carné Xove ou Estudante (ata 25 anos): 8,40 €

Domingo 9 de marzo

18:00 | Pazo da Cultura



Familiar e infantil (a partir de 4 anos) | 50 minutos | galego

MANUELA VARELA

Festival Singular



AS VERBAS DE LUISA

Escoitamos a Sarabande de Bach. Que música máis fermosa, verdade? Hoxe quero contarvos a historia dunha nena que non paraba quieta nin un minuto, chamábase Luisa Villalta. Queredes coñecela?, pois imos chamala.

Así comeza este espectáculo no que a nosa homenaxeada aparecerá na forma dunha fermosa marioneta, Falaremos con ela e descubriremos cales son as súas palabras favoritas e por qué: A Coruña, Poesía, Música, Galiza, Galego, Mestra, Ecoloxía Igualdade e Paz.

Facendo unha viaxe dinámica e divertida polas facetas dunha das mulleres máis poliédricas da cultura galega e é que Luisa non paraba quieta nin un segundo!

Escoitaremos música, faremos poemas e incluso veremos como afunde un navío no medio do mar.

PREZOS: Público xeral: 9,50 €

Abonados - Desempregados - Carné Xove ou Estudante (ata 25 anos): 6,65 €

Menores de 14 anos: 5,50€

Venres 14 de marzo

20:30 | Pazo da Cultura

COMEDIA DRAMÁTICA



Adulto | 55 minutos | castelán

AIRE FRÍO (CUBA)

LA 4TA LUCÍA

Festival Singular



Ingrid é unha actriz de provincia, que durante toda a súa vida se presentou a innumerables probas para conseguir un personaxe que a converta nunha estrela.

A cuarta Lucía, unha suposta película que prepara o ICAIC, é o último casting no que puxo as súas esperanzas.

Mentres agarda para facer a proba, conta fragmentos da súa vida e repasa personaxes memorables do teatro cubano, os cales quixera interpretar, desvelando ademais os seus soños, medos e inseguridades.

Elenco: Beatriz Viñas

Dirección artística: Eduardo Eimil

Deseño: Erick Eimil

Asesoría: Barbarella D'Acevedo

Deseño de maquillaxe e peiteado: Carlos Moreno

PREZOS: Público xeral: 9,50 €

Abonados - Desempregados - Carné Xove ou Estudante (ata 25 anos): 6,65 €

Sábado 15 de marzo

20:00 | Pazo da Cultura

COMEDIA MUSICAL



Adulto | 70 minutos | castelán

ALBERTO SAN JUAN

MACHO GRITA

Festival Singular



Macho grita é unha comedia musical que parte do mito de Don Juan para indagar na relación entre o presente e o ciclo que inaugura o ano 1492. Un achegamento persoal á "Reconquista", ao "descubrimento de América" ou á expulsión dos xudeus e os mouros, para pensar con humor como se constrúe "o Macho" neste territorio.

Di Alberto San Juan: "Nace do desexo de asomarme á historia invisible (ou invisibilizada) de España, coa pequena esperanza de entender cousas que sirvan para a vida hoxe, cando a vontade de dominio e o afán depredador sobre os que construímos as nosas sociedades ameazan con liquidarnos".

Dramaturxia e dirección: Alberto San Juan.

Intérprete: Alberto San Juan.

Músicos:

Pablo Navarro - Gabriel Marijuan -
Miguel Malla - Claudio de Casas.

Iluminación: Raúl Baena - Eduardo Vizuet

Vestuario e espazo escénico: Alberto San Juan.

Axudante de dirección: Carlota Gaviño.

Axudante de produción: Lucía Rico.

Producción executiva: Joan Fernández.

PREZOS: Público xeral: 16,00 €

Abonados - Desempregados - Carné Xove ou Estudante (ata 25 anos): 11,20 €

Domingo 16 de marzo

18:00 | Pazo da Cultura

TEATRO XESTUAL



Familiar e infantil (a partir de 5 anos) | 45 min. | galego

ELEFANTE ELEGANTE

Festival Singular



KYOKI

KYOKI vai destinado ao público infantil e familiar a partir dos 5 anos. O espectáculo trata a temática da memoria, da vellez, da demencia, da soidade e da dura e esixente tarefa de coidar as persoas maiores e enfermas.

A través dunha linguaxe xestual impulsada pola interacción constante co dispositivo escénico, o espectáculo evoca múltiples situacións e personaxes que dun xeito ou doutro todas as persoas podemos recoñecer.

KYOKI significa "demencia" en xaponés e refírese a unha alteración da capacidade para recordar, pensar ou tomar decisións. É certo que adoita verificarse en persoas de idade avanzada, mais quen nunca esqueceu onde colocou a caixa das galletas? Ou por distracción vestiu o xerseí do revés? Ou saíu de casa atrasado para o cole sen peitear o cabelo?

KYOKI retrata un deses días catastróficos, mais é tamén unha homenaxe a todas as persoas maiores que asisten cada día ó proceso implacable do declinio das súas capacidades vitais.

Autor: María Torres e Gonçalo Guerreiro

Dirección: Gonçalo Guerreiro

Adaptación: María Torres e Gonçalo Guerreiro

Escenografía: Gonçalo Guerreiro

Deseño son: Manuel Fonte

Deseño iluminación: Nacho Martín

Vestuario: Carolina Díguele

Música: Manuel Fonte

Coreografía: María Torres e Gonçalo Guerreiro

Elenco artístico: María Torres - Mario Rodríguez

PREZOS: Público xeral: 9,50 €

Abonados - Desempregados - Carné Xove ou Estudante (ata 25 anos): 6,65 €

Menores de 14 anos: 5,50€

Venres 21 de marzo

20:30 | Pazo da Cultura

TEATRO DOCUMENTO



Adulto | 50 minutos | galego

CHÉVERE

Festival Singular



PEQUENAS MENTIRAS PARA CONTAR GRANDES VERDADES

Eva é protagonista da peza Eroski Paraíso do grupo Chévere. Son personaxes (de mentira) baseados en persoas colectivas (de verdade). Pero Eva non está a ser ela mesma: está a actuar de si mesma nunha historia da que forma parte, pero que tampouco é a súa. Ser actriz é funcionar como Eva, e tantas outras mulleres, que moitas veces actúan como subalternas. Son outras falando a través delas.

Patricia de Lorenzo protagoniza esta conferencia performativa sobre o proceso de creación dalgúns dos personaxes que interpretou ao longo do últimos quince anos en diferentes obras da compañía Chévere. Unha enriquecedora viaxe de descubrimento entre esa forma de representar personaxes alleos que normalmente reproducen os imaxinarios do poder ou comprometerse a formar parte dunha historia e falar por si mesma ata erixirse como mediadora sobre o escenario. Algo que pasa por tomar conciencia e tomar partido.

Moitas veces ser actriz é funcionar como alguén que está a actuar nunha historia da que forma parte, pero que non é a súa senón a historia que alguén quere contar a través dela; mesmo a pesar dela. Pero o traballo dunha actriz pódese converter tamén nun modelo de resistencia contra esa forma de actuar.

Isto ocorre cando se acepta ser parte dunha historia e falar por unha mesma, ata o punto de aceptar que che cambie a vida e a forma que tiñas de entender o mundo. Deixarse acompañar polo personaxe nun proceso enriquecedor de descuberta e coñecemento. Facer desaparecer a fronteira que te separa do personaxe sen ocultarse detrás da maquillaxe e o disface. Construírse en mediadora sobre o escenario. Escotar os silencios que se ocultan en vidas que tamén merecen ser contadas.

En escena: Patricia de Lorenzo

Idea e creación: Patricia de Lorenzo

Dramaturxia e dirección: Xron

Espazo sonoro: Xacobe Martínez Antelo

Control técnico: Borja Fernández

PREZOS: Público xeral: 9,50 €

Abonados - Desempregados - Carné Xove ou Estudante (ata 25 anos): 6,65 €

Sábado 22 de marzo

20:00 | Pazo da Cultura

MONÓLOGO CÓMICO



Adulto | 75 minutos | castelán

TEATRO DEL BARRIO

Festival Singular



HOY TENGO ALGO QUE HACER

Con "Hoy tengo algo que hacer" dispoñémonos a presentar as peripecias dun heroe moderno que, seguindo a gran tradición picaresca, parte do fogar co propósito de comprender que é isto de ter unha ocupación, un algo que facer que sustenta e organiza calquera existencia.

Lonxe de ser un tema anecdótico ou elemental, ou precisamente por isto último, antóllasenos como algo fecundísimo o poñer atención sobre este fenómeno absolutamente universal, que atravesa e fundamenta toda psique: a construción de calquera personalidade baséase no ter algo que facer, o relato de cada cal respecto ao resto sostense no valor e significado que lle outorgamos ao algo que facer, e nun nivel aínda máis básico: o día, a semana, o ano, fanse moi longos, pídennos recheo e estrutura e dirección, necesitamos agarrarnos a algo que facer para dar sentido e substancia.

Neste século XXI desvelado, literal, arrasado, sen apenas motivacións máxicas ou simbólicas e cunha insaciable tecnoloxía abstracta que non vai parar ata simplificar a vida e desposuíla de toda vontade, o algo que facer preséntasenos como unha rudimentaria incógnita, unha dúbida desesperada para o devir. E ao mesmo tempo, coñecemos e sufrimos a necesidade de estar ocupados, alí construímos o noso orgullo e a nosa resposta ao estar na vida.

Autoría e dirección: Pablo Rosal

Elenco: Luis Bermejo

Deseño de escenografía e vestiario: Mónica Boromello

Deseño de iluminación: Raúl Baena - Eduardo Vizquete

Producción artística: Ana Belén Santiago

Producción executiva: Lucía Rico

Dirección técnica: Tony Sánchez

PREZOS: Público xeral: 12,00 €

Abonados - Desempregados - Carné Xove ou Estudante (ata 25 anos): 8,40 €

Domingo 23 de marzo

18:00 | Pazo da Cultura

CONTACONTOS

Familiar e infantil (a partir de 3 anos) | 50 min. | galego

CRIS DE CALDAS

Festival Singular



CONTOS PARA ENTENDER(NOS) MELLOR

O mundo será un lugar mellor e máis amable cando sexamos capaces de entender e respectar as diferenzas; as nosas e as de quen nos rodea.

Son elas, as diferenzas, as que nos fan ser únicas e porque somos diversos e diversas, necesitamos contos para entender(nos) mellor.

Inclusión, respecto e diversidade.

PREZOS: Público xeral: 9,50 €

Abonados - Desempregados - Carné Xove ou Estudante (ata 25 anos): 6,65 €

Menores de 14 anos: 5,50€

Venres 28 de marzo

20:30 | Pazo da Cultura

TRAXICOMEDIA



Adulto | 60 minutos | castelán

REY MARCIALI PRODUCCIONES
(ARXENTINA)

Festival Singular



LA CELESTINA

La Celestina, traxicomedia de Lita

Versión libre de David Piccotto e Julieta Daga de "La Celestina" de Fernando de Rojas.

As voces da clásica obra de Fernando de Rojas atravesan a Lita que está en permanente risco de morte. Coas súas mans debe soste unha escenografía que se lle caeu enriba. Todo pende dun fío e xa non quedan forzas; aínda así rirá, chorará e gozará ata o final.

Proposta escénica

Os textos de La Celestina de Fernando de Rojas, apodéranse dunha pallasa que está deitada no piso. O dispositivo escenográfico é unha gran espiral suspendida, que forma figuras sorprendentes. O espectador é convidado a acompañala dentro da escena, actuando sen actuar, nunha viaxe única e irrepitible. Rirá, chorará, cantará ao amor, á dor, ás contendas e á morte.

Dirección: David Piccotto

Actriz: Julieta Daga

PREZOS: Público xeral: 12,00 €

Abonados - Desempregados - Carné Xove ou Estudante (ata 25 anos): 8,40 €

Sábado 29 de marzo

20:00 | Pazo da Cultura

NARRACIÓN ORAL



Adulto | 60 minutos | galego

ATENEA GARCÍA

Festival Singular



VICIO HOUBO SEMPRE

Divertida e fresca proposta de narración oral para público adulto onde Atenea García presenta historias de vida recollidas a mulleres que xa cumpriron 80 anos. Historias que falan do desexo, do pracer, de sexualidade...

A primeira conversa naceu cunha frase: "Vicio houbo sempre, gracias a Dios!" E logo seguíronlle outras tantas onde as mulleres foron contándolle unha chea de cousas supostamente prohibidas.

A peza fala do amor e da vida que sempre houbo nas marxes fiando contos sobre a diversidade sexual, a ausencia na emigración e, como non, a diversión nos bailes das festas! Todo, ao ritmo de historias e cancións acompañadas coa pandeireta.

Recollida e narración: Atenea García

Vestuario: Núria Manzano

Luz e son: Nicolás Zamorano

Fotografía: Carlota Mosquera

PREZOS: Público xeral: 9,50 €

Abonados - Desempregados - Carné Xove ou Estudante (ata 25 anos): 6,65 €

Domingo 30 de marzo

18:00 | Pazo da Cultura

MONICREQUES



Familiar e Infantil (a partir de 3 años) | 40 minutos | galego

A XANELA DO MAXÍN

Festival Singular



LÚA QUERE VIAXAR A... MARTE!

Despois de dar a volta ao mundo, Lúa sorprende a familia e amizades cunha gran nova: Agora quere ir a Marte!

Malia todos os atrancos e dificultades, Lúa non está disposta a renunciar ao seu soño de ser astronauta e fará todo o posible para logralo e poder así viaxar a Marte.

Unha actividade para fomentar a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.

Hai e houbo grandes mulleres científicas, investigadoras e astronautas, que son o referente de Lúa para seguir adiante e enfrontarse aos impedimentos que se lle queren impoñer.

Autor: Celtia Figueiras - Xosé Breijo "Topo"

Dirección: Xosé Breijo "Topo"

Adaptación: Xosé Breijo "Topo"

Escenografía: Iago Roca e Celtia Figueiras

Deseño son: A Xanela do Maxín

Deseño iluminación: A Xanela do Maxín

Vestuario: Celtia Figueiras

Música: A Xanela do Maxín

Elenco artístico: Celtia Figueiras

PREZOS: Público xeral: 9,50 €

Abonados - Desempregados - Carné Xove ou Estudante (ata 25 anos): 6,65 €

Menores de 14 anos: 5,50€




PAZO DA CULTURA


Concello de Narón

Rúa Holanda, s/n
Urb. Ciudad Europa
15570 NARÓN

T. 981 391 144
T. 981 102 897 (Despacho de billetes)
taquilla.pazo@naron.gal
www.padroadodecultura.es

 facebook/padroadodeculturaconcellodenaron

 @culturanaaron

 @padroadodacultura

-Unha vez comezado o espectáculo (tanto ao inicio coma na segunda parte se existise un descanso), non se permite o acceso á sala, e nos casos excepcionais o acceso estaría xestionado polo persoal de sala a cargo.

-Non se pode fumar dentro do edificio, tampouco consumir bebida ou comida dentro da sala, salvo en casos excepcionais nos que así o determine a dirección do Pazo.

-Non está permitida a captación de imaxes ou son sen unha autorización previa por parte do Padroado da Cultura.

-Antes do comezo do espectáculo é imprescindible desconectar as axendas, alarmas, teléfonos móbiles ou calquera outro tipo de dispositivo electrónico.

-TODA PERSOA QUE ACCEDA AO RECINTO DEBE FACELO COA SÚA ENTRADA, INDEPENDENTEMENTE DA IDADE QUE TEÑA.



REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS



Padroado da Cultura
Concello de Narón



Deputación
DA CORUÑA



AGADIC



XUNTA
DE GALICIA



REDELAE
red eurasioamericana
de artes escénicas